

ZACKARINA E O LOBO DE AREA

Texto de ÅSA LIND

Ilustracións de MARÍA ELINA MÉNDEZ

Tradución de ANTÓN LADO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 120 páx. 16 €
PREMIO NILS HOLGERSSON 2003 (Bibliotecas de Suecia)

[Zackarina e o Lobo de Area](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-096-6. Sete Leguas.

[Zackarina y el Lobo de Arena](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-097-3. Siete Leguas.

[La Valentina i el Llop de Sorra](#) (català)

ISBN 978-84-18558-25-2. Set Llegües.

–Preguntarlle ao Lobo de Area? –repetiu o pai.

–Si, porque el sábeo case todo –respondeu Zackarina–.


Sabe de cometas e de calquera cousa.

–Pero Zacki, pequena –dixo o pai–, o Lobo de Area é só unha ocorrencia túa. El non me pode axudar a reparar o coche. O coche está avariado de verdade...

«Zackarina e o Lobo de Area» culmina a exitosa triloxía protagonizada por unha nena curiosa e inconformista e o seu sabio e inseparable amigo. Tras «O Lobo de Area» (Premio Atrapallibres 2020, Catalunya) e «As historias do Lobo de Area», este volume final presenta a faceta máis divertida de Zackarina que, aínda que se fai maior, segue sorprendendo co seu enxeño e coas súas vivencias no eido familiar. A serie escrita por Åsa Lind evolucionou dende o malestar inicial cos seus pais por non pasar máis tempo con ela, ata contar coa comprensión dos adultos. Unha saga creada para perdurar seguindo o crecemento de Zackarina a través de valiosas leccións vitais: a amizade, o medo a morte... sempre ao carón do Lobo de Area, que a escoita, a comprende e comparte con ela o seu desbordante humor e imaxinación. Coa súa frescura e un carácter inquedo, Zackarina segue afianzando o seu propio espazo de resistencia no mundo dos maiores, dialogando sobre as cuestións máis profundas e discorrendo sorprendentes ideas.

Esta protagonista feminina destaca pola súa impactante personalidade, espello no que moitas lectoras e lectores poden mirarse mentres a narración e os diálogos transcorren con fluidez e naturalidade, entre as destrezas literarias dunha coidada linguaxe repleta de xogos de palabras.

As cálidas e poéticas ilustracións de María Elina Méndez favorecen a lectura do texto envolvéndonos co rumor do mar e coa materia prima da que está feito este lobo máxico, soñador e entrañable, perfecto compañeiro de xogos e aventuras.



■ **Temática:** última parte da historia dunha nena e do seu amigo invisible.

■ **Idade recomendada:** dende 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** familia, relación entre nais, pais e os adultos en xeral cos fillos/as; afectividade, emocións; amizade, aventuras, reflexión, filosofía; Premio Nils Holgersson; da autora e da ilustradora de «[O Lobo de Area](#)» e «[As historias do Lobo de Area](#)»; da ilustradora de «[Donde nace la noche](#)» (VII Premio Cidade de Orihuela, KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/zackarina-e-o-lobo-de-area-g>

Åsa Lind

(Karbäcken, Suecia, 1958)

Pasou a nenez nun pobo ao norte de Suecia, escoitando contos de fadas e forxando o seu interese pola literatura. Escribiu máis de 200 relatos radiofónicos e en 1995 publicou o seu primeiro libro. Tras compaxinar a faceta de autora co xornalismo, na actualidade traballa exclusivamente como escritora. Cunha vintena de obras, forma parte da Academia Sueca de Literatura Infantil. Recibiu, entre outros, os premios Nils Holgersson 2003 e Kulla-Gulla 2014.
<http://www.instagram.com/asalindasa>

María Elina Méndez

(Bos Aires, 1975)

Deseñadora de Imaxe e Son (Universidade de Bos Aires). Completou a súa formación con obradoiros e proxectos sobre fotografía, artes plásticas, escenografía e ilustración. Dende 2011 expón a súa obra na galería Mar Dulce. Colabora co suplemento cultural do diario La Nación. Ilustrou libros para editoriais de Argentina, México, España e Francia. Foi seleccionada para o Catálogo Iberoamericano de Ilustración e a Premier de Latin American Illustration.
<http://www.mariaelinamendez.com>

